



/ O que fixemos... /

Cea do alumnado de baile o 12 de xaneiro.

Só levo dous anos pertencendo a esta asociación, mais teño que dicir que me sinto tan a gusto como se estivese nela toda a vida. Aquí acóllente con moito cariño e sínteste integrada ao momento. Dá igual a idade, o sexo ou a condición social.

En Nadal fixemos unha cea o grupo de zumba e... alá fomos! Desde nenas até maiorciñas, mais a diferenza de idade non importou porque o pasamos pipa!



As nosas bailarinas marcharon de cea!

Agardo que a fin de curso se repita e que, como mínimo, o pasemos igual! 📌

Fina Muñoz.

Xuntos para a laconada.

O pasado domingo 17 de febreiro celebrouse a programada laconada no restaurante Javimar. Unhas cincuenta persoas démonos cita ás dúas e media para disfrutar e saborear a tradicional laconada que soe facer a Asociación Cultural Xuvenil Tanxedoira por estas datas do Entroido. Ao escribir isto venme un sorriso aos meus beizos polo de “xjuvenil”, porque as persoas que estabamos

alí... Ben, sen entrar en moitos detalles...: a idade está no cerebro e non nos anos vividos. Eu falo por min e supoño que aos demais halles pasar o mesmo: temos as mesmas ilusións de vivir e disfrutar da vida como se tivésemos vinte anos. Ese era o ambiente que se respiraba nesa comida: alegría, bo humor, charlar, rir, saborear e disfrutar da comida en boa compañía.



Gozando da sobremesa.

O menú, o normal: unha sopa de entrante e logo o cocido cos seus grelos, patacas, garabanzos, lacón, costela, chourizo, orella...

De sobremesa, o típico tamén por estas festas: filloas coa súa cremiña e mel (para que cada un a tomara ao seu gusto) e orellas.

Non faltou o correspondente café de pota coas súas gotas e... a repetir! E, posteriormente, ás seis da tarde, eu tiven que marchar porque tiña outros compromisos, pero xa estaban comezando a preparar as guitarras para iniciar a sesión de cantos populares en que participan todos os comensais e onde a xente disfruta moito. E conozo moi ben esta sensación, por telo vivido con anterioridade en numerosas ocasións, enchendo o cerebro de endorfinas, que se alguén non sabe o que son, xa lle digo eu que son as que producen a felicidade! Agradezo infinitamente á Directiva de Tanxedoira que me tiveran en conta para facer esta “reportaxe”, pois debido á miña idade e á distancia á que vivo impídenme colaborar con Tanxedoira como eu quixese, mais continúo aí para o que queirades e eu poida, mentres Deus mo permita! Unha aperta moi forte para todos e todas! 📌

Germán Cortés.

Festival XLI Aniversario.

Si, aínda que non o creamos son xa 41 anos de esta nosa Asociación.

O 27/04/2019 comezaron os festexos do Festival XLI Aniversario xa ben cedo. Os compoñentes do coro ás 10:30 da mañá xa estabamos no C. Cívico dos Mallos para ensaiar as cancións que iamos cantar pola tarde no festival.

Despois o ensaio de Rondalla, que rematou máis ou menos sobre as 13:00.

Comeza o Festival. Nervios. Ensaio de todos os grupos para quentar as voces e os instrumentos. Como en todos os espectáculos, antes de comenzar hai moitos nervios e carreiras para ter todo a punto.

TELÓN ARRIBA

Érguese o telón e... ABARROTADO! Incribel. Grazas a todos e a todas por asistir. Isto anima aos grupos a seguir traballando.



Carmen e José Luis, os nosos presentadores.

Os grupos que actuaron:

Coro Tanxedoira. Director: David Loureiro.
Cantaron:
Siyahamba.
El valle del Cañete.
Aria Agraria.

DAVID, que paciencia tes con nós!! Grazas.

Pandeirotas de Tanxedoira. Directora: Cristina Sagra. Tocaron e cantaron:
Maneo de Cabaleiros.
Ribeirana de Aboal.
Jota de Oroso.

Coro Xoven da Esmu Pepe Valiña e a coral Xan Mella. Dra.:Tatiana Pankratova. Presentaron un programa a base de temas pop, cantigas, habaneras e música sudamericana, acompañados polo pianista Pablo Queiro. A petición do público tiveron que cantar outra canción, xa que os aplausos non pararon até que comezaron a cantar unha canción en ruso que se titula: KATIUSHA. Moi bonita!

Teatro: Dr. Jesús. Aquí tivemos un pequeno percance. Enfermou unha das protagonistas e non puideron facer o que tiñan previsto. Pero o director de teatro ten solucións para todo e el mesmo arremangouse para facer un número sobre a guerra, tal cal o facía o mestre deste xénero: o Sr. GILA. Que risas entre o público! Debería facelo máis a miúdo! Faino moi ben.



Marta, a xove artista que emocionou o público.

Sra. Marta Méndez:

Unha rapaciña que ten unha voz espectacular e que nos deleitou cantando a bonita canción LELA. Aplausos dos bos. Como canta a nena!

Rondalla Tanxedoira. Dr. David Loureiro.

Tocaron:

Bonnie and Clyde.

El Vuelo del Cóndor.

When I'm sixty-four.

Danza de Albarellos. Esta última a petición do público, que no quería que rematara a festa.

FIN DO FESTIVAL

Dase fin ás actuacións facendo entrega duns detalles para os participantes.

Non me esquezo dos presentadores Carmen e José Luis. Fantásticos! Superando os erros do micrófono como mellor podían facelo, con HUMOR, que para iso son de teatro e saben improvisar.

Unha vez finalizadas as Actuacións, todos os participantes dirixímonos á Igrexa de S. Luis de Gonzaga, onde tomamos un pequeno picoteo e uns refrescos. E, coma sempre, todos xuntos cantamos as típicas cancións das festas. Grazas.

Non quero deixar de dar as GRAZAS a Don Manuel, párroco de S. Luis de Gonzaga, que nos cedeu o local onde tomamos os petiscos e a J. Antonio, que colaborou con nós de maneira exemplar.

Xa falta menos para o XLII ANIVERSARIO

Maxi García.

Aqueles maravillosos anos!



04/02/1989 Festival na Urbanización Soto.

/ A destacar.../

Axenda

17 de maio.

GRUPO TEATRAL TANXEDOIRA.- 18:00 horas. Centro Social Sagrada Familia, poñendo en escea “Recuerdos de zarzuela”. Programa “Hogueras de San Juan 2019”. Entrada de balde.

24 de maio.

CANTOS POPULARES.- Cáritas Sagrada Familia. Ronda de Outeiro 166. Hora 17:00.

31 de maio.

VI CERTAME DE FOTOGRAFÍA FERNANDO POMBO.- Finaliza o prazo para presentar traballos ao concurso fotográfico. Poderanse consultar as bases na nosa páxina web.

CANTOS POPULARES.- Centro cívico Cidade Vella. Rúa Veeduría 2. 19:00 horas. Entrada de balde.

2 de xuño.

COMIDA GRUPOS ARTÍSTICOS.- Restaurante Abrego, buffet do Eurostars Atlántico (A Coruña). Avenida do Porto da Coruña 4. Hora 14:00. Prezos membros de grupos artísticos (Coro, Rondalla e Teatro): Adultos 13 € - Crianzas até 12 anos 3 €. Prezos acompañantes e non membros de grupos artísticos: Adultos 18 € - Crianzas até 12 anos 8 €. Listaxe de inscricións no local social.

8 de xuño.

CANTOS POPULARES.- Residencia DomusVi . Avenida Rosalía de Castro 10. Oleiros.

23 de xuño.

COMUÑÓNS.- Actuación do Coro Tanxedoira na Parroquia Resurrección do Señor. Rúa Petunias. 12:30 horas.

28 de xuño.

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA. Celebrarase no local social, e comunicaranse os puntos da orde do día polos medios habituais. 19:30 h. primeira convocatoria e 20:00 h. en segunda.

SARDIÑADA. Unha vez finalizada a asemblea, celebrarase fonte ao local social. Prezo 3 €. Crianzas até 12 anos de balde. Lista de inscricións no local social.

30 de xuño.

EXCURSIÓN CULTURAL FIN DE CURSO.

- Pontevedra. Cidade e mercadillo.
- Monte Aloia. (Tui). Centro de interpretación, Gran Cruz, Miradoiro, Ermida San Xiao, ...
- Panxón (Nigrán). Xantar por libre. Tarde libre con posibilidade de gozar da Praia da

Madorra. Visita á Parroquia de San Xoan e ao Arco Germánico.

Prezos: 10 € socios adultos, 8 € crianzas menores de 12 anos e 12 € para os non asociados.

Os prezos non inclúen a comida nin as entradas para visitar os museos e instalación que, sendo accesíbeis, cobren por iso. Haberá lista de inscricións no local social. Límite de prazas 55 persoas.

📅 7 de xullo.

COMUÑÓNS.- Actuación do Coro Tanxedoira na Parroquia Resurrección do Señor. Rúa Petunias. 12:30 horas.

📅 25 de xullo.

COMUÑÓNS.- Actuación do Coro Tanxedoira na Parroquia Resurrección do Señor. Rúa Petunias. 12:30 horas.

COMUNICADO DA DIRECTIVA.

Benqueridas e benqueridos:

Lamentamos ter que comunicarvos que, este ano, estamos tendo problemas para organizar o festival de fin de curso. Falamos con algúns monitores (teatro, coro/rondalla, guitarra e baile) e, por un cúmulo de circunstancias (algúns deles están con oposicións, outros están de viaxe etc.), é imposíbel atopar unha data nas fins de semana de xuño na que non teñamos moreas de baixas.

Para que vexades mellor con exemplos:

- O sábado 22 son oposicións e nin guitarra nin baile poderían contar cos seus monitores.
- O sábado 29 pasaría o mesmo co monitor de teatro e varios integrantes da rondalla.
- O sábado 15 faltaría tamén o monitor de rondalla/coro/guitarra.
- O sábado 8 temos tamén falta de monitores (e algúns membros da directiva por motivos de traballo).

Ademais, nin o 22 nin o 15 estaría a directiva por motivos de traballo/oposicións.

Por todo isto, pensamos que é mellor pospoñer o Festival Fin de Curso até principios de curso, en lugar de cancelalo, para que todas as persoas que semana a semana traballan arreo para actuar e

amosar os seus progresos nun escenario, podan facelo neste festival para a volta do verán.

Pedimos desculpas de antemán e agardamos que poidades comprender a nosa difícil decisión.

/ Non perdás.../

VI Certame de Fotografía Fernando Pombo.

Tendo en conta que o próximo día 31 finaliza o prazo para presentar traballos ao Certame de Fotografía, animámosvos a participar. Lembrede que tedes toda a información na nosa páxina web.

Goza dos eventos!

Aproveita e goza das diferentes actividades que organiza Tanxedoira, (comida grupos artísticos, sardiñada, excursión, etc.), nas que che podes inscribir a través das listas dispoñibles no local social, chats ou por mail na dirección actanxedoira@tanxedoira.org

Publicación
subvencionada pola
Deputación da Coruña.

